

Con Luz Pozo Garza, para sempre¹

Olivia Rodríguez González²

*Unha dorna moi livián me leva
velaiño
a alma
xa non pode virar*

Non sei se haberá agora neste sufrido mundo un poeta que, con case cen anos, continúe en activo coa forza e a sabedoría con que Luz Pozo Garza seguiu a escribir versos ata o último alento. O seu derradeiro libro de 2018, como os poemas que compuxo despois, seguían a ter o zume fresco da boa poesía. A poesía que ela coñeceu e viviu, desde que empezara a compoñer palabras de luz no Ribadeo natal, onde coincidiu con quen –dicía ela, remontándose ao latín– a *inventou*: un Dionisio Gamallo Fierros adolescente que lle alugaba libros e revistas no portal da súa casa e que un día a presentaría como poeta nova a Gerardo Diego. Luz en *La Noche* de Santiago, Luz en *Ínsula* e tantas outras revistas, converteuse nunha orixinal creadora en castelán que compartía vida literaria nos parladoiros da Coruña cando acudía á cidade para aprender música. Esa mesma Luz que, xunto cos fermosos libros *Anfora*, *Cita en el viento*, *El vagabundo* e o decisivo *Últimas palabras / Verbas derradeiras*, nos que chanta como divisa propia a liberdade e o amor, entrega a súa arte á poesía galega con *O paxaro na boca* nos difíciles anos 50 e animada por Manuel María. A partir de entón, e coa revista *Nordés*, capitaneada con Tomás Barros, ábrese como poeta a unha multitude de camiños alumados pola estética simbolista á que sempre foi fiel, cunha voz propia que non deixaría indiferente ás novas xeracións.



Como catedrática de literatura cultiva o ensaio desvelando claves de Martín Codax, Rosalía de Castro, Luis Pimentel, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro e tantos outros, mesmo Eduardo Moreiras, sempre no seu pensamento. Se *Concerto de outono*, *Códice Calixtino* e *Prometo a flor de loto* significaron a súa consagración, moitos outros títulos amosaron o seu xenio, tan igual e tan distinto no seu devir. Desde a obra completa (2004) *Memoria solar*, ata *Pazo de Tor*; pasando por *Vida secreta de Rosalía*, *As arpas de Iwerddon*, *Medea en Corinto*, *Vodas palatinas*, *Sol de medianoche*, *Deter o día cunha flor*, *Rosa Tântrica*..., a poeta deixa un tesouro que agarda por todos nós. Porque xa se sabe que a mellor homenaxe que se lle pode facer a un escritor é non deixarmos de lelo; e se se trata de poesía, buscámos nela o que a razón non nos pode explicar.

¹ Publicado primeiramente en *La Voz de Galicia* o 21 de abril de 2020. Créditos da imaxe: Ángel Manso (*La Voz de Galicia* 29/06/2019).

² Universidade da Coruña. Departamento de Letras.
Correo-e: olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es.

Diríamos que o mundo de hoxe, tan raro e difícil, se vai apagar un pouco máis sen Luz. Diríamolo de sermos cincentos. Luz non o quería así. Aprendeunos a ser vitais e alegres

con respecto ao futuro. Por iso sabemos que a vida reagromará de novo e con ela medrará a semente poética de Luz Pozo Garza. Quen dixo que a arte era inútil?